

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE OURENSE, POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DA FASE I DA REPROGRAMACIÓN FUNCIONAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE (CHUO)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde firmou o día 17.12.2021 co Concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido, que terá una vixencia de catro anos, dende o día seguinte ao da súa sinatura. Non obstante, en calquera momento antes da finalización da dita vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar por unanimidade a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Ourense para a execución das obras correspondentes á Fase I da reprogramación funcional do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que:

No ano 2003 aprobouse o Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, que respondía a un estudo integral das necesidades asistenciais, dos recursos existentes e das melloras que era preciso introducir para acadar un nivel de calidade óptimo na atención sanitaria á poboación da provincia de Ourense.

Tratábase dun proxecto de grande envergadura que ía máis alá dunha simple remodelación dos edificios existentes, buscando unha renovación total dos recursos, ampliando as instalacións, introducindo innovacións tecnolóxicas e mellorando os accesos para garantir unha asistencia máis eficaz e próxima á poboación afectada.

Así, ao longo deste anos foron acometéndose as obras correspondentes á execución do edificio do Bloque Cirúrxico e do edificio da nova Hospitalización.

Porén, nestes últimos anos xurdiron novas necesidades que non estaban recollidas no Plan Director, polo que, co obxectivo de non demorar varios anos a finalización das obras

de reforma e poder seguir avanzando na súa execución, é preciso realizar unha reprogramación funcional do plan, que por unha banda permita desbloquear as obras de reforma pendentes e por outra que se adapte ás novas necesidades.

As actuacións previstas nesta reprogramación funcional, executadas en fases, permitirán desbloquear a actual situación, abordando en primeiro lugar os núcleos de comunicación e o resto da hospitalización necesaria e despois a reforma progresiva da edificación existente.

Conscientes das necesidades, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso e a fin de levar a cabo a execución das obras correspondentes á Fase I da reprogramación funcional do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, é necesaria a concorrencia de medios e achegas das partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido de dita colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria,

